



MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A TRAMITACIÓN DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA E A AXENCIA ESTATAL CONSELLO SUPERIOR DE INVESTIGACIÓNS CIENTÍFICAS, M.P., PARA A EXECUCIÓN E SEGUIMENTO DAS QUEIMAS PRESCRITAS E PARA A AVALIACIÓN DO RISCO HIDROLÓXICO-EROSIVO DESPOIS DE INCENDIO (42/26-I)

Competencias

O Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, modificado polo Decreto 148/2024, do 20 de maio, configura a Consellería do Medio Rural como o órgano da Administración galega ao que, baixo a superior dirección da persoa titular do departamento, lle corresponde propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba, entre outras, as competencias en materia de montes, prevención e defensa contra os incendios forestais.

Á Dirección Xeral de Defensa do Monte correspóndelle o exercicio das competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, así como a planificación, coordinación e execución das actuacións dirixidas á protección dos montes fronte aos incendios forestais.

Obxectivo

O obxectivo deste convenio é establecer unha colaboración científico-técnica entre a Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Defensa do Monte, e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P., a través da Misión Biolóxica de Galicia, para a realización conxunta de actuacións durante o período 2026-2029 en materia de prevención de incendios forestais.

O dito convenio ten por finalidade mellorar a execución e seguimento das queimas prescritas e reforzar a avaliación do risco hidrolóxico-erosivo posterior aos incendios forestais, mediante a incorporación de coñecemento científico-técnico especializado, traballo de campo, análise de datos, elaboración de informes e formación do persoal do Servizo de Prevención de Incendios Forestais.

As actuacións previstas estrutúranse en tres bloques:

- Actuacións nas zonas vulnerables á erosión despois de incendio
- Prevención de incendios a través do uso das queimas prescritas





- Formación do persoal do Servizo de Prevención de Incendios Forestais

Antecedentes

A Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Defensa do Monte, publica anualmente o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga), no que se recollen as actuacións de prevención, vixilancia, detección, extinción e investigación dos incendios forestais.

O dito plan contempla actuacións en zonas vulnerables afectadas por incendios forestais, especialmente dirixidas á redución do risco hidrolóxico-erosivo posterior ao incendio. Estas actuacións inclúen, entre outras, a avaliación do impacto causado polo lume, a determinación da severidade do lume na vexetación e no solo, a estimación dos efectos potenciais fóra da área queimada, a priorización das zonas de actuación e a implementación e seguimento dos tratamentos de estabilización e mitigación.

Así mesmo, a prevención constitúe unha das bases fundamentais da loita contra os incendios forestais en Galicia. Neste ámbito, as queimas prescritas son unha ferramenta de xestión preventiva orientada á redución da carga de combustible en lugares estratéxicos e á obtención de información técnica que permita mellorar as condicións de planificación e execución destas actuacións.

A Dirección Xeral de Defensa do Monte dispón de persoal técnico e operativo especializado na prevención e defensa contra os incendios forestais. Non obstante, resulta necesario complementar estas capacidades con coñecemento científico-técnico específico en materia de avaliación da severidade do lume, risco hidrolóxico-erosivo, efectos do lume prescrito sobre a vexetación e o solo, monitorización de tratamentos e análise de datos de campo.

A Misión Biolóxica de Galicia, centro integrado na Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P., conta con experiencia e liñas de investigación vinculadas á avaliación do risco hidrolóxico-erosivo en áreas forestais queimadas, á eficacia dos tratamentos de estabilización do solo despois de incendio, á avaliación de campo da severidade do lume no solo e aos efectos do lume prescrito na estrutura e diversidade vexetal dos matogueirais de Galicia.

Por todo o anterior, considérase conveniente articular unha colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o CSIC para o desenvolvemento destas actuacións durante o período 2026-2029.





Aspectos técnicos e operativos do convenio

Ao abeiro deste convenio desenvolveranse actuacións conxuntas no ámbito da prevención de incendios forestais, así como da avaliación do risco hidrolóxico-erosivo posterior ao incendio e do seguimento das queimas prescritas.

En canto ás zonas vulnerables á erosión despois de incendio, realizaranse avaliacións da severidade do lume e do risco hidrolóxico-erosivo nos incendios que determine a Dirección Xeral de Defensa do Monte. Estas avaliacións incluírán o cálculo de índices espectrais, a toma de datos de campo, a caracterización dos recursos en risco, a instalación de parcelas de mostraxe e a análise da severidade do lume na vexetación e no solo.

Así mesmo, levarase a cabo a estimación do risco hidrolóxico-erosivo mediante os modelos existentes, a priorización das áreas de actuación urxente, a proposta de accións de mitigación e a elaboración dos informes correspondentes.

No relativo ás queimas prescritas, realizarase a monitorización das condicións de execución das queimas planificadas pola Dirección Xeral de Defensa do Monte. Esta monitorización incluírá a descrición dos combustibles, a caracterización das condicións meteorolóxicas durante as queimas, a toma de datos de humidade dos combustibles e o rexistro do réxime térmico mediante o uso de termopares e rexistradores.

Nas áreas previstas para a execución de queimas prescritas instalaranse parcelas de seguimento nas que se tomarán datos antes, durante e despois da execución dos tratamentos coa finalidade de avaliar o grao de redución do combustible, a severidade do lume no solo, a recuperación da cuberta vexetal e a eficacia das actuacións realizadas.

Como resultado destes traballos elaboraranse informes técnicos sobre as condicións de execución das queimas e os obxectivos acadados, co fin de mellorar as ventás de prescrición dispoñibles.

Ademais, o convenio inclúe a formación do persoal do Servizo de Prevención de Incendios Forestais nas materias obxecto da colaboración, no marco dos cursos propios organizados pola Dirección Xeral de Defensa do Monte, así como a elaboración do material didáctico necesario.

Xustificación da exclusión do ámbito de aplicación da Lei de contratos do sector público

Segundo o disposto no apartado 2 do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, deberase xustificar o emprego da figura do convenio de colaboración nunha memoria que deberá facerse pública.





A colaboración que se pretende articular mediante este convenio responde á existencia dun interese común entre a Consellería do Medio Rural e o CSIC, consistente en mellorar o coñecemento científico-técnico e a capacidade de actuación en materia de prevención de incendios forestais, avaliación da severidade do lume, risco hidrolóxico-erosivo posterior ao incendio e seguimento das queimas prescritas.

Non se trata dunha prestación contractual ordinaria, senón dunha actuación conxunta entre dúas entidades públicas para a consecución dun fin compartido. A Consellería do Medio Rural achega financiamento para o desenvolvemento das actuacións previstas, mentres que o CSIC achega medios persoais, materiais e laboratorios propios, así como coñecemento científico-técnico especializado, cunha valoración económica propia recollida no convenio.

A existencia de achegas recíprocas, unha finalidade común, a participación de ambas as partes no desenvolvemento das actuacións, a constitución dunha Comisión de Seguimento e a elaboración dun Plan de Traballo conxunto determinan a natureza deste instrumento, que queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ao abeiro do previsto no artigo 6 da dita norma.

Para a tramitación deste convenio observarase o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

O director xeral de Defensa do Monte
Manuel Francisco Gutiérrez

